Rafael Álvaro Millán Calenti.

Por lo que respecta a mí, un tal Miguel Angel Delgado González lleva cuatro años publicando injurias y mintiendo a través, entre otros medios, de su blog "Xornal de Galicia". Sus escritos insidiosos y malintencionados se desautorizan solos, por como los redacta y por lo que dice.
De una forma tan temeraria como absurda ya ha buscado obtener réditos (véase el resumen del auto 66/2021 del Juzgado de Instrucción nº 1 de Santiago de Compostela que acompaño).
Ahora todos los intereses de mi razón, tanto especulativos cómo prácticos, se combinan en las respuestas a las preguntas: ¿Qué puedo saber de él? ¿Qué debo hacer? ¿Qué puedo esperar?
De momento aguardo su comparecencia en vía judicial. Dos querellas están en marcha.
Iré contando.

XDO. DE INSTRUCIÓN N.1
SANTIAGO DE COMPOSTELA
AUTO 00066/2021

O dous de febreiro do dous mil vinte e un, ditouse polo Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela o AUTO 66/2021 polo que se acorda o sobresemento da querela interposta por don Miguel Ángel Delgado González contra don Rafael Álvaro Millán Calenti, don Fernando Suárez Lorenzo e a *Federación Gallega de Karate y Disciplinas Afines* como presuntos autores dos delitos contra a intimidade a propia imaxe, contra a integridade moral e lesións.

Despois de diversas actuacións procesuais dirixidas a que o querelante especificase os feitos atribuídos aos querelados e os concretos tipos penais obxecto da mesma e de que o Ministerio Fiscal informara a favor do arquivo das actuacións inadmitiuse a trámite a querela, decisión que foi recorrida perante a Sección Sexta da Audiencia provincial da Coruña, tras o cal foron practicadas diversas dilixencias de instrución que serviron para reafirmar a falta de relevancia penal do procedemento.

O Auto 66/2021, no razoamento xurídico único, di que "seguimos a considerar que non concorre ningún indicio de criminalidade contra os querelados. Este foi xa o noso parecer cando ditamos o auto do 10 de marzo de 2020 polo que inadmitimos a trámite a querela, argumentando como fundamento da nosa decisión que os feitos relatados non escrito de querela non eran constitutivos de delito".

"Así, en primeiro lugar, non existe un delito de malversación de caudais públicos por canto non é

certo que se utilizase unha páxina web pertencente a un organismo público para difundir noticias sobre o querelante, o anterior resultaba xa claro cos propios documentos achegador coa querela (documento nº3), e foi absolutamente confirmado cos documentos achegados pola *Federación Gallega de Karate y Disciplinas Asociadas* co seu escrito do 21/10/2020, e co expediente remitido pola Entidade pública empresarial "red.es" (folios 197 e seguintes)".

Estes documentos, dise no auto xudicial, "evidencias que a devandita Federación acordou a creación dunha páxina web no ano 2009, sendo asesorados por don Fernando Suárez Lorenzo, na súa condición de deportista federado e enxeñeiro informático. Por mor dun erro informático, o Sr. Suárez Lorenzo identificou a páxina www.rafaelalvaromillancalenti.es á devandita Federación. Unha vez detectada a incidencia, levouse a cabo a transmisión do dominio a favor de don Rafael Millán Calenti.

Por tanto, a Federación querelada non realizou ningunha publicación relativa ao querelante na páxina web www.rafaelalvaromillancalenti.es.

En segundo lugar, a Federación non destinou ningún tipo de fondo económico a dita páxina web, tal e como certifica a súa Secretaria no documento unido co escrito de data 27/10/2020. Por tanto, fica descartada a comisión dunha presunta malversación de fondos públicos.

Polo que atinxe ao presunto delito contra a intimidade e a propia imaxe, consistente na suposta divulgación de datos persoais e información relativas ao querelante, facemos noso os argumentos esgrimidos na resolución ditada pola Fiscalía de Área de Santiago de Compostela nas súas dilixencias de investigación penal 35/2019, resolución que formaba parte dos documentos incorporados co escrito de querela, concretamente o nº 8, folios 27 e 28 das actuacións. Tal e como se sinal na mesma, o querelante non concreta que datos persoais ou familiares difundidos poden ter a consideración de segredos ou datos reservados, e en todo caso a difusión de resolucións xudiciais (que é o que se publica no presente caso), non pode ser considerada como delito, sendo, de facto, unha práctica habitual.

Finalmente, se ben o querelante na súa declaración fai alusión á existencia dun suposto acoso contra a súa persoa con repercusión na súa situación clínica, non existe absolutamente ningún indicio da comisión de dito delito. O informe médico unido á querela (folio 29) fai referencia a que o estado de ansiedade do querelante aumentou pola chegada de múltiples notificacións xudiciais, circunstancia totalmente allea a un suposto proceso de fustigación constitutiva de delito".

Por todo o exposto, e ao abeiro dos artigos 779.1 d 641.1 LACR, acórdase o sobresemento provisorio e arquivo da presente causa.Así o acorda, manda e asina a Maxistrada do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela e do seu partido.